

ORGANIZA

Consello da Cultura Galega

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao Seminario.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Só se garantirá a distribución de material divulgativo impreso ás persoas previamente inscritas na actividade.

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.org

difusion@consellodacultura.org

LUGAR DE REALIZACIÓN

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

difusion@consellodacultura.org

www.consellodacultura.org

A difusión internacional da figura de **Ramón María del Valle-Inclán** no seu tempo



8 de xullo de 2014 | Consello da Cultura Galega



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Colabora

Valle-Inclán

CÁTEDRA
VALLE-INCLÁN

Universidade de
Santiago de Compostela



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

N

a súa celebrada conferencia “Galicia y Valle-Inclán”, pronunciada na Habana en 1939, Alfonso R. Castelao afirmou que Ramón María del Valle-Inclán é un “fillo do Rexurdimento literario de Galicia”.

Con esta xornada, na que participan estudosos de referencia inescusable, o Consello da Cultura Galega pretende deitar luz sobre o seu legado aprofundando na dimensión internacional de Valle-Inclán no seu tempo, a través das traducións da súa obra realizadas en vida do autor; así mesmo, estas conferencias serven de prelude á inauguración da exposición *Outros verbos, novas lecturas: Valle-Inclán traducido [1906-1936]*. Confiamos en que ambas as actividades permitirán ver con outros ollos a figura de Valle-Inclán, un autor tan intemporal coma sometido ao imperio da súa época, e, neste caso, facer presente a “materia de Galicia”, que foi a alforxa onde atopou a maioría dos seus dardos literarios.

A novidade da proposta estriba en presentar unha imaxe inédita do Valle-Inclán escritor e intelectual alén das nosas fronteiras, derivada do coñecemento de nova documentación, en boa parte reunida nos últimos anos polo Grupo de Investigación Valle-Inclán da USC, que colabora connosco: un *corpus* que, ademais de ampliar considerablemente a nómina de xestores, tradutores, editores, críticos, revistas ou xornais, incorpora novas traducións das obras valleinclanianas publicadas en vida do escritor, cos correspondentes estudos introdutorios; artigos críticos de recepción da súa figura e obra; o epistolario cruzado con algúns dos axentes responsables do proceso de publicación noutros países e, mesmo, as ilustracións e caricaturas que acompañan os textos.

Un horizonte novo e diverso, que nos coloca perante unha complexa serie de interrogantes: foi Valle-Inclán un escritor recoñecido internacionalmente no seu tempo? E, se así for: Onde obtivo maiores cotas de éxito? En que linguas foi máis lido? Cal foi o seu grao de intervención nese proceso? A que persoas e entidades confiou a súa imaxe internacional? Cales eran os seus proxectos e expectativas? Cal foi a faceta de Valle-Inclán que triunfou neste ámbito internacional, se é que triunfou algunha?

Agardamos que a proposta, que cabe presentar como unha primeira incursión panorámica neste terreo, sexa do interese tanto de especialistas na materia como do público *amateur*, que poderá así ver alterada a súa imaxe do escritor. Unha imaxe esta, fixa, tradicionalmente asociada ás súas obras máis canónicas / canonizadas (as *Sonatas* e o esperpento) e a unha iconografía en que impera o retrato dun vello de aspecto venerable, no último percurso da súa vida: o «Gran don Ramón», «eterno», de «mirada mística» e «barba de Santo», do que falara, xa en 1917, Xavier Bóveda.

PROGRAMA

Sesión da mañá

11:00 horas

Inauguración

11:30 horas

Valle Inclán en francés, expectativas e realidades

Margarita Santos Zas, Universidade de Santiago de Compostela

12:30 horas

Valle-Inclán por Europa. Aspectos da internacionalización da súa obra

Javier Serrano Alonso, Universidade de Santiago de Compostela

Sesión da tarde

17:00 horas

Do celtismo e atlantismo ao internacionalismo: motivos para traducir e ler a Valle-Inclán

Rosario Mascato Rey, Universidade de Santiago de Compostela

18:00 horas

As Sonatas de Valle-Inclán en inglés: traizón ou colaboración?

Dru Dougherty, University of California, Berkeley

19:00 horas

Debate final do seminario

Modera: Rosario Mascato Rey

20:00 horas

Inauguración da exposición *Outros verbos, novas lecturas: Valle Inclán traducido [1906-1936]*

Claustro alto do Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela